

---

**PREMIO XOHANA TORRES DE ENSAIO, INVESTIGACIÓN E CREACIÓN AUDIOVISUAL  
SOBRE AS MULLERES NA SOCIEDADE GALEGA  
BASES E CONVOCATORIA. ANO 2021**

Este premio encádrase nas medidas que leva a cabo a Concellaría de Políticas de Igualdade para a consecución dos seus obxectivos básicos, entre os que se atopan potenciar a presenza e o recoñecemento social das mulleres en todos os ámbitos da sociedade, facer visible as súas diversas achegas ao longo da historia, promover a igualdade efectiva de mulleres e homes e erradicar as diferentes formas de discriminación e desigualdade que viven a día de hoxe as mulleres.

O Premio Xohana Torres foi instituído pola Concellaría da Muller do Concello de Santiago de Compostela no ano 1993 co obxecto de contribuír ao coñecemento sobre as mulleres que destacaron nalgún eido, tanto na actualidade como no pasado, na vida da nosa comunidade. Nas primeiras dezasete edicións premiáronse os traballos inéditos de investigación referidos a calquera aspecto social, histórico ou humano das mulleres dentro da comunidade galega. Nas edicións correspondentes aos anos 2009 e o 2010, decidiuse abrir o premio ao ensaio, tanto literario como científico, para abarcar diversas disciplinas como a ciencia, a filosofía, a historia, a antropoloxía ou a literatura, tendo como obxectivos e protagonistas as mulleres galegas. Entre o 2011 e o 2015 este premio no foi convocado.

No ano 2016 recuperouse de novo o Premio Xohana Torres, mantendo a esencia pola que se creou e orientándoo á recuperación da memoria histórica das mulleres de Santiago de Compostela. Ademais de estar dirixido a ensaios literarios ou científicos, ese ano o premio abriuse por primeira vez a traballos audiovisuais que tivesen como finalidade explorar a historia social e política das mulleres compostelás, facer visible as súas experiencias e os diversos roles sociais que desempeñaron. Na edición 2018 ampliouse a súa finalidade, abarcando a recuperación da memoria histórica das mulleres non só de Santiago de Compostela, senón de toda Galicia.

○ **PREMIO XOHANA TORRES DE ENSAIO, INVESTIGACIÓN E CREACIÓN AUDIOVISUAL SOBRE AS MULLERES NA SOCIEDADE GALEGA** na súa edición **2021**, decídese ampliar a convocatoria, a todo tipo de traballos sobre a historia, participación social e experiencias das mulleres galegas.

Xohana Torres, poeta, dramaturga e novelista, naceu en Santiago de Compostela en 1931. A súa infancia e mocidade transcorreron en Ferrol, onde foi alumna de Ricardo Carvalho Calero, con quen se inicia no coñecemento da literatura galega. Comezou a publicar poemas nas revistas Aturuxo, Vida Gallega e Vieiros e no ano 1958 recibiu o primeiro Premio de Poesía da Asociación de Prensa de Vigo. A súa obra poética mereceu tamén o Premio da Crítica Española (1981).

Como dramaturga é autora das obras *Á outra banda do Iberr* (1965) e *Un hotel de primeira sobre río* (1968), esta última Premio Castelao de Teatro. No ano 1971 publica a novela *Adiós María*, gañadora do Premio de Galicia do Centro Galego de Bos Aires. No ano 1992 foi galardoada co Premio á Creación Feminina, instituído pola Xunta de Galicia. Autora tamén de obras de literatura infantil e tradutora, Xohana Torres obtivo o Premio de Etnografía da Deputación da Coruña polo seu ensaio *San Andrés de Lonxe, mitos e ritos*, e no ano 1972 recibiu o Pedrón de Ouro polo seu continuado labor en prol de Galicia.

Como recoñecemento á súa obra, o 15 de febreiro de 2001 foi proposta polos académicos Salvador García Bodaño, Xosé Luis Méndez Ferrín e Xosé Luís Franco Grande para ocupar a vacante na Real Academia Galega que correspondera ata daquela a Aquilino Iglesia Alvariño, logo do cal ingresou como académica numeraria o 27 de outubro de 2001 cun discurso titulado “Eu tamén navegar”.

O Premio Xohana Torres de ensaio, investigación e creación audiovisual sobre as mulleres na sociedade galega, rexerose polas seguintes:

## **BASES**

### **PRIMEIRA. Convocatoria**

A concesión do premio realizarase en réxime de concorrencia competitiva de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia establecidos no artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

### **SEGUNDA. Filosofía do premio**

Os traballos que se presenten ao premio tratarán da participación das mulleres na sociedade, e terán como obxectivo resaltar o papel protagonista ou o esquecemento das mulleres nos diferentes ámbitos da sociedade galega. Poderán ser de carácter histórico, político, científico, literario, artístico, etc... e ter forma de ensaio, investigación científica ou composición audiovisual, e sempre se referirán a mulleres galegas ou experiencias das mulleres en Galicia.

### **TERCEIRA. Requisitos de participación e incompatibilidades**

Poderá concorrer a esta convocatoria calquera persoa física, individualmente ou nunha agrupación sen personalidade xurídica.

As agrupacións deberán facer constar expresamente, tanto na solicitude como cando se resolva a concesión, os compromisos de execución que asume cada un dos membros así como a porcentaxe de subvención que se lles aplicará. Todas terán a condición de persoas beneficiarias tal e como se recolle no artigo 11 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e estarán obrigadas a nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir coas obrigas que, como beneficiaria, corresponden á agrupación.

As persoas que desexen participar, tanto individual como colectivamente, non poderán incurrir en ningunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na demais lexislación concordante. Asemade, deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter ningunha débeda pendente de pagamento co Concello de Santiago de Compostela.

#### **CUARTA. *Requisitos das obras***

As obras que se presenten terán que ser en calquera caso obras inéditas e non premiadas con anterioridade.

O formato das obras terá que encadrarse nalgunha das dúas modalidades do premio: **ensaio/investigación ou creación audiovisual.**

#### **QUINTA. *Formato de presentación das obras***

Os orixinais presentados a concurso ateranse aos requisitos seguintes, no que se refire á extensión e á forma de presentación dos mesmos:

##### **Modalidade ensaio/investigación:**

- a) Os traballos presentaranse en soporte dixital e por duplicado un único traballo, en formato PDF, cun tamaño máximo de 100 MB. As copias entregaranse en cadanseu DVD ou pendrive.
- b) Os traballos terán unha extensión mínima de 150 páxinas e máxima de 300, a dobre espazo, tamaño da fonte 12, con marxes de 2,5 centímetros, a unha soa cara e numeradas.
- c) As obras, deberán presentarse coa seguinte estrutura: introdución, na que se exprese o tema e o obxectivo do traballo; desenvolvemento, coa exposición e análise do tema; conclusións e bibliografía, coas referencias ás fontes consultadas.

**Modalidade creación audiovisual:**

- a) Os traballos audiovisuais poderán corresponderse con calquera tipo de expresión artística e terán unha duración mínima de 15 minutos.
- b) Presentaranse por duplicado en cadanseu DVD ou pendrive, no que se incluírá unha copia do vídeo.

**SEXTA. Prazo de presentación**

O prazo de presentación dos traballos comeza o día 8 de marzo 2021 e remata o 29 de decembro de 2021 ás 14:00 horas.

**SÉTIMA. Lingua e uso de linguaxe non sexista**

Todas as obras terán que estar redactadas en lingua galega e empregar a linguaxe non sexista.

**OITAVA. Lugar de presentación e forma de presentación das solicitudes**

Os traballos, acompañados da solicitude de participación achegarase presencialmente de 9 h a 14 h, de luns a venres, no Departamento de Políticas de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela sito na Rúa Isaac Díaz Pardo, nº 4 de Santiago de Compostela, baixo o sistema de plica.

A tal fin, achegaranse dous sobres co seguinte contido:

- **Sobre 1:** Solicitude de participación (facilitaraa o persoal do Departamento de Políticas de Igualdade) que procederá a remitirse polo Departamento de Políticas de Igualdade ao Rexistro Xeral do Concello de Santiago para formalizar o seu rexistro. No anverso do sobre constará o título do traballo, o pseudónimo do autor, da autora ou agrupación e a modalidade á que se opta.

Dentro do sobre pechado incluírase tamén:

- 1) Declaración expresa de que as persoas participantes son propietarias da obra e de que esta é orixinal e inédita e non foi premiada con anterioridade nin presentada a ningún outro certame.
- 2) Declaración responsable de que as persoas participantes están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, así como de que non teñen débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela
- 3) Declaración de que ningunha das persoas participantes incorre en causa de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiaria de subvencións, de acordo co artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e demais lexislación concordante.
- 4) Declaración de non ter recibido ningunha outra subvención ou axuda para realizar o mesmo traballo.

As persoas participantes serán responsables da orixinalidade e da titularidade dos seus traballos fronte a calquera reclamación en relación co premio e coa edición e publicación das obras nos termos a que se refire o Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual e garantirán, pola soa participación neste concurso, dita titularidade.

Unha vez pechado o sobre 1 entregarase xunto co **sobre 2**.

- **Sobre 2:** Incluírase o traballo segundo o formato establecido na base Quinta da presente convocatoria.

Na primeira páxina do traballo incluírase: o título do traballo, o pseudónimo do autor, autora ou agrupación, a modalidade e a categoría á que se opta.

O secretario ou secretaria do tribunal será a persoa encargada de facilitar as copias ao tribunal e de identificar a persoa ou agrupación que resulten premiados.

### **NOVENA. Xurado**

O xurado estará formado por cadansúa persoa designada pola Alcaldía e a Reitoría da Universidade de Santiago, ademais de seis persoas designadas entre o profesorado de Ciencias Sociais e Humanidades.

A Secretaría xeral do Concello ou a persoa que esta designe, actuará como secretario no momento do fallo do xurado e levantará a correspondente Acta.

### **DÉCIMO. Publicidade da composición do xurado e da primeira xuntanza**

A composición do xurado publicarase con anterioridade á súa primeira reunión no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

### **DÉCIMA PRIMEIRA. Criterios de valoración**

O xurado terá competencia para valorar todos os aspectos técnicos relacionados coa composición, contido e estrutura da obra, a innovación e a relevancia da publicación do orixinal no contexto actual. Finalmente, o xurado valorará a proposta artística do orixinal en canto manifestación da arte e do pensamento.

### **DÉCIMA SEGUNDA.- Resolución do procedemento e notificación**

Unha vez o xurado proceda a valoracións dos traballos presentados, emitirase un acta que terá a consideración de proposta de resolución do premio, a cal terá que estar debidamente motivada, segundo o exposto no artigo 24 LXS, sendo posteriormente a Xunta de Goberno Local por ser o órgano municipal competente para a concesión de subvencións, o que teña que ratificar dita proposta mediante resolución definitiva segundo o disposto nas bases e de acordo coa antedita proposta do xurado as efectos de proceder ao pago dos premios.

A decisión, que será inapelable, darase a coñecer o día 8 de marzo do ano seguinte á convocatoria, nun acto público celebrado para tal efecto na Casa do Concello. As persoas participantes ou quen as represente deberán asistir obrigatoriamente ao acto.

O premio poderá declararse deserto cando o xurado estime que as obras presentadas non cumpren adecuadamente o obxecto da convocatoria.

A concesión do premio a persoa ou agrupación gañadora quedará condicionada á verificación do cumprimento dos requisitos esixidos nestas bases.

### **DÉCIMA TERCEIRA.- *Impugnación***

A resolución de concesión poñerá fin á vía administrativa, a efectos da interposición dos recursos administrativos que procedan de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso administrativo, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación desta resolución.

Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou produciase desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso.

### **DÉCIMO CUARTA. *Outorgamento dos premios***

Premiaranse dous traballos, un na modalidade de ensaio e outro na modalidade de creación audiovisual.

Cada un dos premios estará dotado con 2.500 € e suxeito ás retencións fiscais que legalmente lle sexan de aplicación. As persoas gañadoras recibirán do Concello de Santiago de Compostela o premio en metálico.

O Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela será o encargado de publicar as obras gañadoras a conta dos dereitos de edición.



O Concello de Santiago e a Universidade de Santiago de Compostela daranlles a máxima difusión posible aos traballos gañadores en cada unha das modalidades.

A concesión dos premios quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

A concesión do premio implica que as persoas beneficiarias acepten as obrigas contidos contidas no artigo 14 da Lei xeral de subvencións e, en particular:

- a) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro do Concello de Santiago de Compostela
- b) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como de toda débeda pendente co Concello de Santiago de Compostela.

A candidata premiada deberá presentar unha ficha de terceiros debidamente cuberta no prazo máximo de vinte días naturais contados a partir do día seguinte á notificación.

#### **DÉCIMO QUINTA. *Asignación económica e xustificación.***

O pagamento do premio farase efectivo polo seu importe íntegro, mediante transferencia bancaria, unha vez deducida a carga tributaria correspondente e previa presentación por parte da persoa ou persoas gañadoras da Ficha de Mantemento de Terceiros debidamente cumprimentada. Para que este pagamento se faga efectivo, a persoa beneficiaria non precisará outra xustificación que a acreditación previa por calquera medio admisible en dereito de que reúne os requisitos da convocatoria, segundo o disposto no artigo 30.7 da Lei xeral de subvencións, sen prexuízo dos controis de verificación do cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e doutras que puidesen establecerse.

O premio queda suxeito á lexislación fiscal vixente, polo que se realizarán sobre a devandita cantidade as retencións legalmente establecidas.

### **DÉCIMO SEXTA. *Devolución das obras non premiadas***

Os orixinais non premiados poderán ser retirados polas persoas que os presentaron na Concellaría de Políticas de Igualdade ata o día 8 de abril seguinte ao acto de entrega do premio. En caso de que non se retiraran no devandito prazo, o Concello procederá a arquivalos.

### **DÉCIMO SÉTIMA. *Protección de Datos.***

O Excelentísimo Concello de Santiago de Compostela, como Responsable do tratamento dos seus datos, infórmalle que os mesmos poderán ser utilizados para o exercicio das funcións propias no ámbito das súas competencias, cuxa lexitimación está baseada no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade e o consentimento da persoa interesada. Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos encargados do tratamento dos datos. Os datos serán conservados durante o tempo necesario para poder cumprir coas obrigacións legais que encomenda a normativa administrativa. A persoa solicitante acepta que os seus datos persoais identificativos e os resultados derivados do proceso administrativo sexan publicados na Web municipal durante o prazo de tempo pertinente.

De conformidade co disposto nas normativas vixentes en protección de datos persoais, o Regulamento (EU) 2016/679 e Lei Orgánica de Protección de Datos en España, as persoas interesadas poderán exercitar os seus dereitos recoñecidos do tratamento mediante instancia presentada ante o Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela, achegando fotocopia do DNI ou a través da sede electrónica

### **DÉCIMO OITAVA. *Publicidade da convocatoria e Remisión de datos a la BDNS.***

En cumprimento do artigo 20 da Lei Xeral de subvencións, dende o Concello de Santiago de Compostela, remitirase á Base de Datos Nacional de subvencións a seguinte información:

- A información relativa á convocatoria para a súa publicación mediante conduto da BDNS no Boletín Oficial da Provincia.
- A información relativa ás persoas beneficiarias.

Ademais, as Bases Reguladoras publicaranse no Taboleiro de anuncios do Concello e na Web municipal [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)

### **DÉCIMO NOVENA.- *Aceptación das bases***

A participación nesta convocatoria leva consigo de forma implícita a aceptación integra das bases así como do fallo do xurado.